

RECURSOS HUMANOS

Recursos humanos

- Descrición do profesorado:** O profesorado está constituído por profesorado da Universidade de Santiago (profesores do departamento de Estatística e Investigación Operativa), da Universidade da Coruña (profesores do departamento de matemáticas) e da Universidade de Vigo (profesores do departamento de Estatística e Investigación Operativa), xunto con outros profesores doutras universidades españolas ou estranxeiras de gran recoñecemento e prestixio. Na web do máster para cada curso académico publícase unha ficha de cada profesor. Esta ficha recolle os seus principais datos persoais, a localización do profesor, as materias que imparte no curso académico e unha lista dos últimos artigos publicados.

Na Táboa 1 recóllense os principais indicadores asociados ao profesorado para o curso 2010/11.

INDICADORES ASOCIADOS	RESULTADOS OBTIDOS
Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o total PDI	86.84%
Nº total de sexenios	73
Porcentaxe de PDI doutor	100.00%
Relación porcentual entre o número total de PDI funcionario sobre o total de PDI	78.95%

Táboa 1: Datos para o curso 2010/11

O persoal académico do Máster en Técnicas Estatísticas está composto por profesores das tres universidades galegas, que supoñen o 86.84% do persoal e o 13.16% restante é profesorado externo.

O total da plantilla docente son 38, distribuídos da seguinte forma, 11 na Universidade de Santiago (28.95%), 10 na de A Coruña (26.32%), 12 na de Vigo (31.58%) e 5 persoal externo (13.16%).

Táboa resumen de profesorado				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
U. Santiago de Compostela	Catedrático de Universidade	45,45%	100,00%	40,37%
U. Santiago de Compostela	Profesor Contratado Doutor	9,09%	100,00%	9,17%
U. Santiago de Compostela	Outro persoal docente con contrato laboral	9,09%	100,00%	10,09%
U. Santiago de Compostela	Profesor Titular de Universidade	36,36%	100,00%	40,37%
U. A Coruña	Catedrático de Universidade	20,00%	100,00%	16,85%

U. A Coruña	Profesor Contratado Doutor	30,00%	100,00%	22,47%
U. A Coruña	Profesor Titular de Universidade	50,00%	100,00%	60,67%
U. Vigo	Catedrático de Universidade	25,00%	100,00%	27,94%
U. Vigo	Profesor Contratado Doutor	16,67%	100,00%	16,18%
U. Vigo	Profesor Titular de Universidade	58,33%	100,00%	55,88%
Profesorado Externo	Catedrático de Universidade	60,00%	100,00%	66,67%
Profesorado Externo	Profesor Titular de Universidade	40,00%	100,00%	33,33%
Total	Catedrático de Universidade	34,21%	100,00%	31,69%
Total	Profesor Contratado Doutor	15,79%	100,00%	14,44%
Total	Outro persoal docente con contrato laboral	2,63%	100,00%	3,87%
Total	Profesor Titular de Universidade	47,37%	100,00%	50,00%

Táboa 2: Resumen de profesorado

A comisión académica do Máster en Técnicas Estatísticas ten aprobada dúas directrices para a elaboración do PDA e POD entre as tres universidades participantes.

- A Primeira directriz establece as condicións mínimas para que un profesor poda pertencer a la plantilla docente do máster en base a sexenios do profesorado, contratos con empresas e dirección de teses.
- A segunda directriz axuda ao reparto de o POD establecendo os criterios para a selección particular do mellor profesor para cada materia.

Por universidade o 38.38% das horas do máster impárteno profesores de Santiago, o 31.34% de A Coruña, 23.94% de Vigo e o 6.34% profesorado de outras universidades. Nas táboas que seguen detállase por universidade as materias que imparte cada profesor e a porcentaxe de horas que imparten na totalidade do máster.

PROFESORADO DA USC. CURSO 2010/2011			
Profesor	Categoría	Horas %	Materia
Alonso Mejjide, José María	Titular de Universidade	1,76%	Colas e Inventarios (2.5 de 5ECTS)
Cadarso Suárez, Carmen María	Catedrático de Universidade	1,76%	Estatística no paramétrica (2.5 de 5ECTS)
Casas Méndez, Balbina Virginia	Titular de Universidade	4,23%	Programación Matemática (3 de 5ECTS) Programación Lineal y Entera (3 de 6ECTS)
Coladas Uria, Luis	Catedrático de Universidade	4,23%	Teoría de la probabilidad (6 de 6ECTS)
Crujeiras Casais, Rosa María	Contratado Doutor	3,52%	Modelos de regresión (3 de 6ECTS)

			Procesos estocásticos (2 de 5ECTS)
Febrero Bande, Manuel	Catedrático de Universidade	3,52%	Datos funcionales (5 de 5ECTS)
González Díaz, Julio	Outro persoal docente con contrato laboral	3,87%	Colas e Inventarios (2.5 de 5ECTS) Programación Lineal y Entera (3 de 6ECTS)
González Manteiga, Wenceslao	Catedrático de Universidade	4,23%	Estadística Matemática (3 de 6ECTS) Contrastes de especificación (2 de 5ECTS) Ingeniería financiera (1 de 5ECTS)
Prada Sánchez, José Manuel	Catedrático de Universidade	1,76%	Técnicas de remuestreo (2.5 de 5ECTS)
Rodríguez Casal, Alberto	Titular de Universidade	5,63%	Estadística no paramétrica (2.5 de 5ECTS) Estadística Matemática (3 de 6ECTS) Análisis multivariante (2.5 de 5ECTS)
Sánchez Sello, César Andrés	Titular de Universidade	3,87%	Modelos de regresión (3 de 6ECTS) Análisis multivariante (2.5 de 5ECTS)

PROFESORADO DA UDC. CURSO 2010/2011

Profesor	Categoría	Horas %	Materia
Aneiros Pérez, Germán	Titular de Universidade	3,52%	Series de tiempo (5 de 5ECTS)
Cao Abad, Ricardo	Catedrático de Universidade	1,76%	Técnicas de remuestreo (5ECTS)
Carpente Rodríguez, María Luisa	Contratado Doutor	1,76%	Modelos interactivos de I.O. (2.5 de 5ECTS)
Fernández Casal, Rubén	Contratado Doutor	3,52%	Simulación Estadística (5 de 5ECTS)
Francisco-Fernández, Mario	Titular de Universidade	4,23%	Modelos de probabilidad (6 de 6ECTS)
García Jurado, Ignacio	Catedrático de Universidade	3,52%	Introducción a la teoría de juegos (5 de 5ECTS)
Lombardía Cortiña, María José	Titular de Universidade	4,23%	Estadística Aplicada (6 de 6ECTS)
Lorenzo Freire, Silvia María	Contratado Doutor	1,76%	Modelos interactivos de I.O. (2.5 de 5ECTS)
Naya Fernández, Salvador	Titular de Universidade	3,52%	Control de calidad (5 de 5ECTS)
Vilar Fernández, José Antonio	Titular de Universidade	3,52%	Diseño y análisis experimentos (5 de 5ECTS)

PROFESORADO DA UVigo. CURSO 2010/2011

Profesor	Categoría	Horas %	Materia
Bergantiños Cid, Gustavo	Catedrático de Universidade	1,41%	Redes y planificación (2 de 5ECTS)
Cotos Yáñez, Tomás	Contratado Doutor	1,76%	Estadística Espacial (2.5 de 5ECTS)

de Uña Álvarez, Jacobo	Catedrático de Universidade	1,76%	Fiabilidad y modelos biométricos (2.5 de 5ECTS)
García Soidán, María del Pilar	Titular de Universidade	1,76%	Estadística Espacial (2.5 de 5ECTS)
Iglesias Pérez, María del Carmen	Titular de Universidade	1,06%	Análisis exploratorio de datos (1.5 de 6ECTS)
Lorenzo Picado, Leticia	Titular de Universidade	2,11%	Redes y planificación (3 de 5ECTS)
Pardo Fernández, Juan Carlos	Titular de Universidade	2,11%	Contrastes de especificación (3 de 5ECTS)
Pérez González, Ana	Contratado Doutor	2,11%	Análisis exploratorio de datos (3 de 6ECTS)
Roca Pardiñas, Javier	Titular de Universidade	2,82%	Análisis exploratorio de datos (1.5 de 6ECTS) Fiabilidad y modelos biométricos (2.5 de 5ECTS)
Sánchez Rodríguez, María Estela	Titular de Universidade	1,76%	Juegos cooperativos (2.5 de 5ECTS)
Vaamonde Liste, Antonio	Catedrático de Universidade	3,52%	Muestreo (5 de 5ECTS)
Vidal Puga, Juan	Titular de Universidade	1,76%	Juegos cooperativos (2.5 de 5ECTS)

O Máster en Técnicas Estadísticas ademais de profesorado galego conta con outros recursos humanos externos necesarios e dispoñibles para o bo desenrolo académico do máster. Estes profesores son expertos no seu campo de aplicación.

Un 13.16% do persoal académico do Máster en Técnicas Estadísticas está composto por profesorado externo, de outras universidades españolas e estranxeiras.

Resumen de profesorado externo por categoría profesional			
Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
Catedrático de Universidade	60,00%	100,00%	66,67%
Profesor Titular de Universidade	40,00%	100,00%	33,33%

O profesorado externo no Máster de Técnicas Estadísticas imparte o 6.34% das horas presenciais do máster.

PROFESORADO EXTERNO. CURSO 2010/2011			
Profesor	Categoría	Horas %	Materia
Berrendero, José Ramón (Univ. Autónoma de Madrid)	Titular de Universidade	1,06%	Procesos estocásticos (1.5 de 5ECTS)
Carrizosa Priego, Emilio (Universidad de Sevilla)	Catedrático de Universidade	1,41%	Programación Matemática (2 de 5ECTS)
Cuevas González, Antonio (Univ. Autónoma de Madrid)	Catedrático de Universidade	1,06%	Procesos estocásticos (1.5 de 5ECTS)

Galeano San Miguel, Pedro (Univ. Carlos III de Madrid)	Titular de Universidade	1,06%	Ingeniería financiera (1.5 de 5ECTS)
Stute, Winfried (Justus-Liebig-Universität)	Catedrático de Universidade	1,76%	Ingeniería financiera (2 de 5ECTS)

- **Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para levar a cabo o plan de estudos:**
- **Procedemento documentado da política do PDI e PAS:** Disponse do procedemento documentado da política do PAS non hai para PAS.

A continuación mostrase a puntuación para plantilla docente do master:

- Asignaranse 3 puntos no caso de que o último sexenio se obtivera nos últimos 8 anos ou que se teñan alomenos 3 publicacións nos últimos 8 anos nos dous primeiros terzos en calqueira listado do JCR. Por cada sexenio anterior asignaranse 0.5 puntos

- Por ser investigador principal/participante de proxectos nos últimos 3 anos asignaranse as puntuacións segundo a seguinte táboa:

	Inv. Principal	Participante
Contrato con empresas/administracións de especial relevancia (contía anual maior que 30.000 €).	0.5/ano	0.25/ano
Proxecto autonómico (tempo completo)	2	1
Proxecto Nacional (tempo completo)	3	1.5
Proxecto ou Contrato Singular	4	2

Asignaranse 1.5 puntos por cada dirección de tese defendida nos últimos tres anos sempre que a cualificación obtida fose *cum laude*. No caso de teses en formato europeo a puntuación será 3. A puntuación dividirase polo número de directores de cada tese.

Considerarase como puntuación de corte para pertencer a plantilla docente acadar al menos 3 puntos.

Nota: Todos os méritos alegados deben formar parte da base de datos do master para seren tidos en conta.

Nun documento ANEXO a este documento achégase o Regulamento do proceso de selección da plantilla docente do Mestrado Interuniversitario en Técnicas Estatísticas (Aprobado pola Comisión Académica Interuniversitaria na reunión do 20 de abril de 2010).

- **Procedemento documentado da xestión do PDI e PAS (captación, selección, formación, avaliación):** Criterios xerais da universidade.

Máis información: <http://www.usc.es>

**Regulamento de Réxime Interno da Comisión Académica do
Programa Interuniversitario de Posgrao en
Estatística e Investigación Operativa
(Mestrado Interuniversitario en Técnicas Estatísticas e
Doutoramento Interuniversitario en Estatística e Inv. Operativa)**

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Lexislación.

A Comisión Académica do Programa Interuniversitario de Posgrao en Estatística e Investigación Operativa (en adiante Programa) rexerose polo presente regulamento e polas normativas propias das Universidades de Santiago de Compostela (en adiante USC), Coruña (en adiante UDC) e Vigo (en adiante UVi) que regulen os estudos do seu ámbito de competencias.

TÍTULO II: COMPOSICIÓN E ESTRUTURA.

Artigo 2. Composición da Comisión Académica.

Integran a Comisión Académica os seguintes membros:

- Vicerreitor/a da USC que teña as atribucións sobre os programas de posgrao que actuará como presidente/a.
- Decano da Facultade de Matemáticas da USC como responsable do centro coordinador do Programa.
- Xestor/a académico/a da Facultade de Matemáticas que actuará como secretario/a.
- O Coordinador xeral do Programa
- Os Coordinadores locais do Programa das outras universidades participantes.
- Os Directores dos departamentos de: Estatística e Investigación Operativa da USC, Matemáticas da UDC e Estatística e Investigación Operativa da UVi como departamentos implicados na organización do Programa ou persoa en quen deleguen sempre co requisito de que pertencen ao profesorado do Programa.

- Dous vogais da USC, un da UDC e un da UVi que impartan docencia no Programa. Na súa selección procurarase que se garanta a representación dos ámbitos das materias presentes no plan de estudos.
- Dous alumnos do Programa con voz pero sen voto procurando representar todas as materias.

TÍTULO III: COMPETENCIAS.

Artigo 3. Funcións do presidente da Comisión Académica.

1. Asegurar o cumprimento da normativa vixente e garantir o funcionamento regular da Comisión.
2. Corresponde ao presidente:
 - A) Dirixir e coordinar as actividades da Comisión.
 - B) Convocar, presidir, abrir, suspender e levantar as sesións. Así mesmo, moderar os debates e, en xeral, ordenar todo o concernente ao trámite das sesións así como velar polo cumprimento dos acordos adoptados e a súa pertinente execución da que se fai encargo ao coordinador xeral.
 - C) Calquera outra misión que poida corresponderlle en función da súa condición.

Artigo 4. Funcións do secretario da Comisión Académica.

1. O secretario conxuntamente co coordinador xeral do programa é o encargado da custodia e arquivo da documentación.
2. Son funcións do secretario:
 - A) Convocar, a instancias do presidente, as sesións da Comisión Académica.
 - B) Elaborar as actas das sesións.

Artigo 5. Funcións da Comisión Académica:

1. Elaborar, e no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión.
2. Deseñar os obxectivos do programa e as accións formativas.
3. Seleccionar ao profesorado que imparte as distintas materias do Programa.
4. Aprobar a Guía Docente, na que se indique o programa de cada unidade de ensinanza, os seus obxectivos, o plan docente, as actividades de carácter presencial

e non presencial, de carácter teórico e práctico, titorías académicas, actividades tuteladas, criterios e procedementos de avaliación, etc.

5. Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento de horarios de clases e titorías), velar pola dispoñibilidade dos espazos (aulas, laboratorios, equipos de vídeo conferencia, etc.).
6. Asignar titores e directores dos traballos de investigación (traballos fin de mestrado e teses de doutoramento).
7. Nomear o tribunal de avaliación dos traballos de investigación.
8. Aprobar a Programación Docente Anual segundo o que establezan os órganos competentes da Universidades implicadas no Programa.
9. Informar sobre a proposta de prazas ofertadas no Programa.
10. Seleccionar os/as estudantes admitidos/as no Programa.
11. Emitir informe para o recoñecemento de competencias.
12. Formular a quen corresponda as demandas de recursos humanos e materiais.
13. Seleccionar os/as estudantes para bolsas ou estadías de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do Espazo Europeo de Educación Superior baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
14. Garantir a especialización académica e a actualización, coordinación e vertebración das distintas materias.
15. Garantir que os alumnos se integren de xeito adecuado no programa e dispoñan das condicións axeitadas para a realización da súa docencia e do seu traballo de investigación tutelado.
16. Propiciar o uso de novas tecnoloxías da comunicación e información no ámbito docente e investigador e na divulgación do Programa e das actividades organizadas por el mesmo.
17. Potenciar a integración de profesores e alumnos no espazo europeo de educación superior e as relacións con outros programas de posgrao e grupos de investigación.
18. Planificar e xestionar a mobilidade de profesores e estudantes.
19. Canalizar as relacións do programa co entorno (sociedade, empresas).
20. Controlar o desenrolo das accións formativas e velar polo cumprimento das mesmas.

21. Controlar a calidade do programa mediante a súa autoavaliación, analizando o seu desenvolvemento, os resultados dos estudantes, a inserción laboral dos egresados e as opinións, valoracións, queixas e suxestións de todos os implicados.
22. Propoñer as accións de mellora e incorporalas na planificación do programa.
23. Colaborar nos programas de avaliación da calidade que establezan os órganos competentes.
24. Publicar e difundir a información sobre o Programa.
25. Programar e realizar accións para a captación de novos alumnos.
26. Resolver sobre calquera outro asunto non regulado expresamente no presente regulamento, que afecte directamente ao ámbito das súas competencias.
27. Elevar a proposta de modificación y/o suspensión do Programa aos órganos competentes.

Para axilizar o seu funcionamento a comisión académica pode delegar parte destas funcións nos coordinadores e/ou nomear comisións.

Artigo 6. Obxectivos e metas de calidade

A Comisión Académica define obxectivos e metas de calidade en función dos seguintes ítems:

- Número de estudantes matriculados por primeira vez
- Número de estudantes que están na etapa de formación avanzada ou accederon a postos profesionais en empresas pola súa formación no Programa.
- Número de teses de estudantes matriculados no Programa
- Número de doutorandos activos.
- Volume de contribucións científicas dos profesores, investigadores e alumnos que participan no Programa.
- Proxectos con institucións e empresas nas que participan os profesores, investigadores e alumnos que participan no Programa.
- Taxa de graduación, abandono, rendemento e eficiencia da titulación así como a duración media dos estudos.

TÍTULO IV: FUNCIONAMENTO.

Artigo 7. Réximes de reunións da Comisión.

1. A Comisión Académica reunirse para a deliberación e acordo sobre materias da súa competencia en sesións de carácter ordinario, que terán lugar en período lectivo.

2. A comisión poderá asemade, reunirse en sesión extraordinaria cando deba resolver sobre cuestións que, pola súa urxencia o excepcionalidade, non poidan ser normalmente atendidas nas sesións ordinarias.
3. A comisión quedará constituída validamente cando asistan polo menos seis dos seus membros. Dous de eles serán o presidente ou persoa na que delegue e o secretario.
4. As decisións serán válidas unha vez aprobadas por maioría simple dos asistentes. No caso de empate, o resultado quedará resolto polo voto de calidade da persoa que ocupe a Presidencia.
5. Poderanse facer reunións on-line da comisión, agás no caso de que polo menos un dos seus membros indique a súa disconformidade.

Artigo 8. Da orden do día das reunións.

1. A orden do día fixaraa o presidente, tendo en conta as peticións dos demais membros, formuladas coa suficiente antelación. En todo caso, o presidente incluírá na orde do día os puntos que lle foran presentados por escrito, por polo menos dous dos membros da Comisión.
2. As reunións ateranse á orde do día. Para modificala requirírase que así o acorden todos os membros da Comisión e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.